

**Maria Rosa Losada Suarez**, Secretaria Xeral do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa,

## **CERTIFICO**

Que a Pleno, na sesión que tivo lugar o día 31/08/2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**3.- TOMA DE COÑECEMENTO DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA EFECTIVA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES:** Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica de data 28 de agosto de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do seguinte teor:

### **RESOLUCIÓN PRESIDENCIA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES**

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 27 de xullo de 2023, acordou:

1. A Creación das seguintes Comisións Informativas Permanentes que terán por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, e o seu número e determinación se corresponde coas áreas de xestión en que se organiza o Goberno Local:

- Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas.
- Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade.
- Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade.
- Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica.

2. Cada Comisión estará integrada mediante a presenza dos corporativos pertencentes aos grupos políticos en proporción ao número de concelleiros/as que teñen na Corporación, é dicir:

- |                                  |                   |
|----------------------------------|-------------------|
| - Grupo Político do PSdeG-PSOE:  | 6 concelleiros/as |
| - Grupo Político do PP:          | 6 concelleiros/as |
| - Grupo Político do BNG:         | 2 concelleiros/as |
| - Grupo Político Esquerda Unida: | 1 concelleiro     |

3. Os grupos políticos municipais deberán designar os seus representantes nas Comisións Informativas citadas.

4. As Comisións Informativas celebrarán a sesión na Sala de Xuntas da Casa do Concello o luns inmediatamente anterior á sesión plenaria, ás 20 horas.

Tendo en conta que o Alcalde é o presidente nato de todas as Comisións Informativas, e a Presidencia pode delegala en calquera membro da Corporación. Polo exposto,

## **RESOLVE**

Delegar a Presidencia efectiva das Comisións Informativas Permanentes nos/as seguintes





Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Secretaría Xeral

CIF: P/3606000B  
Praza Ravella, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200 - F 986 501 109  
secretaria@vilagarcia.gal  
sede.vilagarcia.gal

concelleiros/as:

- Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Especial de Contas: Dona Luz María Abalo Pérez.
- Comisión Informativa Permanente de Servizos Sociais e Igualdade: Dona Tania García Sanmartín.
- Comisión Informativa Permanente de Urbanismo e Mobilidade: Dona Paola María Mochales.
- Comisión Informativa Permanente de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica: Dona Sonia Outón Casal.

Vilagarcía de Arousa, a 4 de agosto de 2023

O ALCALDE-PRESIDENTE

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

”

E para que conste e produza efectos onde proceda, coa salvidade prevista no Artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente en Vilagarcía de Arousa.

Vº E PRACE

A ALCALDESA EN FUNCIONES

Tania García Sanmartín

